

6.7. CISNS

A Lei Xeral de Sanidade crea o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Está formado por representantes de cada comunidade autónoma (conselleiros de Sanidade de cada comunidade autónoma) e da administración central (o ministro de Sanidade).

Por exemplo: O **Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (CISNS)** xogou un papel clave durante a pandemia da Covid-19. A súa función foi principalmente a de **coordinar e acordar medidas comúns** entre o Ministerio de Sanidade e as CCAA. En concreto, durante a pandemia:

- **Adoptaba acordos conxuntos** sobre restricións de mobilidade, limitacións horarias, capacidade en espazos públicos ou uso de máscaras.
- **Harmonizaba criterios sanitarios** (definición de casos, protocolos de illamento, estratexias de detección e rastrexo).
- **Coordinaba a estratexia de vacinación**, establecendo grupos prioritarios e prazos de administración.
- Servía como **foro de intercambio de información** entre comunidades e Ministerio, garantindo unha resposta máis uniforme fronte á emerxencia sanitaria.
- Os seus acordos, aínda que en principio tiñan carácter de recomendación, na práctica convertéronse en **referencia obrigatoria** durante o estado de alarma.

6.8. NIVEIS DE ASISTENCIA SANITARIA

A prestación da asistencia sanitaria dentro do SNS ofrécese en dúas contornas ou niveis

asistenciais: primeiro nivel ou atención primaria e un segundo nivel ou atención especializada.

6.8.1. PRIMEIRO NIVEL= ATENCIÓN PRIMARIA

A atención primaria de saúde constitúe o primeiro nivel asistencial ao que os usuarios deben acudir cando teñen un problema ou necesidade de saúde, representando a **porta de entrada** ao sistema sanitario. Neste nivel asistencial concéntrase a maior parte de actividades de promoción da saúde, educación sanitaria e prevención da enfermidade. **O centro de saúde é o lugar físico** no que levan a cabo as actividades asistenciais deste nivel. Estas actividades son realizadas polos **equipos de atención primaria**. Dentro de ditas actividades atópanse a prevención e promoción da saúde, diagnóstico e tratamento de enfermidades, rehabilitación e reinserción social, atención domiciliaria e de urxencias, vixilancia epidemiolóxica, educación para a saúde e accións comunitarias preventivas e de xestión, docencia e investigación. Nas localidades pequenas, como ocorre no medio rural, poden existir **consultorios locais** máis pequenos, que dependen do centro de saúde do municipio de cabeceira. En relación aos centros de saúde, outro termo importante son as **isocronas**, que se definen como o tempo que se tarda en chegar, desde un punto determinado dunha zona

de saúde, ao centro de saúde. A asistencia sanitaria neste nivel pódese prestar no propio centro sanitario (mediante consultas ou atención de urxencias) e no domicilio do paciente, constando das seguintes **modalidades de prestación de servizos**:

- **Consulta a demanda:** solicitada por iniciativa do paciente.
- **Consulta programada:** solicitada por iniciativa dun profesional sanitario e acordada con antelación co paciente, para seguimento ou revisións.
- **Consulta de urxencias:** consultas por motivos non demorables, as 24 horas do día no médico de atención primaria ou nos puntos de atención continuada (PAC).
- **Atención a domicilio (ADO):** visitas ao domicilio daqueles pacientes que por problemas de saúde non poden desprazarse ata o centro de saúde.

Neste nivel asistencial inclúense unha serie de actividades específicas e protocolizadas que se dirixen á asistencia de determinados grupos de poboación, como:

- **Atención á muller:** Orientación familiar, seguimento do embarazo, preparación ao parto, visita puerperal, diagnóstico precoz de cancro xinecolóxico e de mama, tratamento das complicacións patolóxicas da menopausa.
- **Atención á infancia:** Revisións do neno san, vacinacións e educación sanitaria aos pais, titores, mestres e coidadores.
- **Atención ao adulto e ancián:** Vacinacións, detección de factores de risco, educación, atención e asistencia a crónicos, problemas específicos da terceira idade e atención domiciliaria a inmobilizados e terminais.
- **Atención á saúde bucodental:** Información e educación a poboación infantil, medidas preventivas e asistenciais, tratamento de procesos agudos e exploración preventiva a mulleres embarazadas.
- **Atención ao paciente terminal:** Coidados paliativos e soporte ao coidado domiciliario.
- **Atención á saúde mental:** Detección e atención a problemas de saúde mental en coordinación co nivel especializado.

Este nivel, é por tanto, o **piar básico da asistencia sanitaria**, no cal se produce o primeiro

contacto do paciente co sistema de saúde actuando como filtro, e cuxo fin é lograr a curación e prevención da enfermidade, e a promoción da saúde de individuos, familia e comunidades.

Esta atención caracterízase por ser coordinada, integrada, permanente e continuada.

EQUIPO DE ATENCIÓN PRIMARIA

O equipo de atención primaria (EAP) trátase dun equipo **multidisciplinar**, integrado por profesionais sanitarios e non sanitarios de distinta cualificación (médicos de familia, pediatras, enfermeiras, matronas, traballadores sociais, técnicos auxiliares de enfermería, persoal administrativo e celadores), con localización física no centro de saúde.

Segundo as necesidades e orzamentos poden asociarse outros profesionais como:

Odontólogos, veterinarios, farmacéuticos, fisioterapeutas ou psicólogos.

O seu ámbito de actuación é a zona básica de saúde. O número de profesionais que forman o EAP depende da poboación adscrita, correspondendo a **cada médico de familia entre 1250-1500 pacientes adultos**, e a **cada pediatra entre 1250-1500 nen@s** de ata 14 anos de idade.

6.8.2. SEGUNDO NIVEL=ATENCIÓN ESPECIALIZADA

A asistencia secundaria ou especializada, é aquela que se ofrece aos pacientes que, unha vez foron recoñecidos polo médico de atención primaria, requiren ser estudados por un especialista. Comprende actividades asistenciais, diagnósticas, terapéuticas e de rehabilitación e coidados. Inclúe tamén actividades de promoción da saúde, educación sanitaria e prevención da enfermidade cuxa natureza aconsella que se realicen neste nivel.

Igual que en Primaria, é importante a docencia e formación continuada de todos os profesionais, así como a posta en marcha e participación en investigacións clínicas e epidemiolóxicas.

Os servizos préstanse en modalidade ambulatoria, en réxime de hospitalización e atención de urxencias.

- **En réxime ambulatorio** préstase en forma de consultas externas, que poden ser:
 - **Primeiras consultas:** consultas solicitadas polo médico de cabeceira cando se superan as capacidades diagnósticas e terapéuticas de atención primaria, derivando ao paciente á especializada.
 - **Consultas programadas:** son aquelas que solicita o propio médico especialista para seguimento dun paciente.

- **En réxime de hospitalización** realízase un ingreso hospitalario por indicación do médico especialista ou polo servizo de urxencias. Inclúe as modalidades de hospitalización en planta, hospital de día (tratamentos de quimioterapia) e hospitalización a domicilio (HADO).

- Por último, inclúese tamén a **asistencia sanitaria de urxencias**.

A asistencia especializada préstase en **hospitais** ou **centros de especialidades**. O hospital é o establecemento encargado tanto do internamento clínico dos pacientes como da asistencia especializada e complementaria da súa zona de influencia. En cada área de saúde existirá, polo menos, un **hospital xeral** cos servizos adecuados ao conxunto da poboación asistida, á estrutura da área e aos problemas de saúde existentes na mesma.

Un hospital pode estar constituído por un único centro hospitalario ou por dous ou máis que organízanse e integran no complexo hospitalario. Desta forma, un complexo hospitalario pode estar constituído por dous ou máis hospitais, mesmo distantes entre si, e un ou varios centros de especialidades.

6.9. TIPOS DE HOSPITAIS

A clasificación dos hospitais pódese realizar segundo diferentes criterios:

- **Segundo o seu financiamento podemos falar de hospital público, privado ou mixto:**

- Hospital público: depende da Administración Pública. Por exemplo, o Hospital Álvaro Cunqueiro, o Hospital do Meixoeiro en Vigo.

- Hospital privado: depende dunha entidade privada. Por exemplo, o Hospital de Fátima en Vigo.

- Hospital mixto: nalgunhas CCAA existen hospitais privados que teñen acordos para ofrecer tamén algúns servizos públicos. Por exemplo, o hospital de Povisa, en Vigo.

- **Segundo o tipo de asistencia** falamos de:

- **Hospital xeral:** atende a un amplo abanico de patoloxías, xa que comprende a maioría de áreas da medicina, cirurxía, obstetricia e xinecoloxía, pediatría... Por exemplo, o Hospital Álvaro Cunqueiro.

- **Hospital especializado:** centrado nunha especialidade médica ou cirúrxica. Por exemplo, os hospitais Materno-infantis.

- **Segundo o ámbito territorial que abarca:**

- **Hospital local ou comarcal (1º nivel):** hospital que atende a demanda de asistencia especializada da poboación dunha comarca que non é capital de provincia, área de saúde ou distrito sanitario, de tamaño mediano ou pequeno, cun número de camas inferior a 400. Por exemplo, o Hospital comarcal do Barco de Valdeorras (Ourense) ou o Hospital comarcal do Salnés (Vilagarcía de Arousa).

- **Hospital de área (2º nivel):** é o hospital que polo seu tamaño e nivel de especialización asume pacientes complexos doutros hospitais dentro da mesma área. Por exemplo, o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), asume pacientes con patoloxías complexas do hospital comarcal de Monforte e da Mariña.
- **Hospitais centro de referencia (3º nivel):** Dentro destes hai que diferenciar dous tipos:
 - **Hospital de referencia a nivel autonómico:** Son centros que, por tamaño e calidade asistencial especialízanse e asumen pacientes complexos de outros hospitais do mesmo servizo de saúde.
 - **Hospitais de referencia a nivel Estatal:** son centros que dispoñen dunha acreditación especial. Coñecense coas siglas **CSUR** (centros, servizos ou unidades de referencia) do SNS que se especializan nunha determinada técnica ou patoloxía moi concreta e prestan asistencia a persoas afectadas das devanditas patoloxías a nivel nacional. Por exemplo, o Hospital Universitario da Coruña conta cunha unidade de queimados que é referencia a nivel nacional. Existe un listado destes hospitais <https://www.sanidad.gob.es/areas/csur/centros/csursns.htm>

6.10. RECURSOS DO SNS

a. Recursos humanos

Segundo datos do Ministerio de Sanidade, no Sistema Nacional de Saúde traballan máis de **613.000 profesionais**, o que supón un ratio de 13 profesionais por cada 1.000 habitantes.

- Os médicos/as e persoal de enfermaría representan o **52%** do total.
- O resto (**48%**) corresponde a outros perfís, entre eles técnicos sanitarios.
- O perfil técnico máis frecuente é o de **Técnico/a Auxiliar de Enfermaría**.
- O nivel con maior número de traballadores é a **Atención Especializada** (77,3%).

b. Recursos físicos

O Sistema Nacional de Saúde dispón de:

- 3.050 centros de saúde
- 10.000 consultorios de Atención Primaria (un centro por cada 5.000 habitantes)
- 466 hospitais, dos que 322 son públicos
- 3 camas hospitalarias por cada 1.000 habitantes
- 18.000 prazas de hospitalización de día

En Galicia:

- Preto de 400 centros de saúde
- 71 consultorios
- 37 hospitais